



VALDOVIÑO



Convocatoria de subvencións dirixidas a particulares residentes no concello de Valdoviño e ao tecido empresarial radicado no propio concello, para participaren no **“IV CONCURSO DECORACIÓN NADAL CONCELLO DE VALDOVIÑO 2024”**.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxa documentación completa pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Primeiro.-Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios das devanditas subvencións as persoas físicas interesadas nas seguintes categorías:

TECIDO EMPRESARIAL calquera persoa a partir de 18 anos que sexa titular de calquera empresa radicada no termo municipal de Valdoviño e que cumpra os requisitos establecidos legalmente para exercer a súa actividade.

VECIÑANZA todas as persoas a partir de 18 anos que sexan residentes no termo municipal de Valdoviño.

Segundo.- Finalidade

É obxecto deste concurso a promoción e apoio ao tecido empresarial do Concello de Valdoviño así como animar a particulares con domicilio no mesmo a decorar as súas vivendas potenciándose entre todos o ambiente festivo coincidindo coas festas do Nadal.

Terceiro.- Bases Reguladoras

As aprobadas por Xunta de Goberno Local

Cuarto.-Importe

Destinarase a cantidade máxima de 600'00 € con cargo á aplicación orzamentaria 334.48000 en calidade de axudas que se distribuirán da seguinte maneira:



VALDOVIÑO



PREMIOS DO XURADO PARA A VECIÑANZA		
MODALIDADE 1.	DECORACIÓN DE BALCÓNS, PORTAS, FIESTRAS E TAMÉN FACHADAS DE CASAS UNIFAMILIARES.	100,00 euros para consumir en empresa local
MODALIDADE 2.	DECORACIÓN DE XARDÍNS e PECHES EXTERIORES	100,00 euros para consumir en empresa local
MODALIDADE 3	CONXUNTO PAISAXÍSTICO E FACHADAS COMUNITARIAS (decoracións feitas coa participación dun conxunto de veciños).	100,00 euros para consumir en empresa local
PREMIOS DO XURADO PARA O TECIDO EMPRESARIAL		
MODALIDADE 4	DECORACIÓN EXTERIOR DO LOCAL	100,00 euros para consumir en empresa local
MODALIDADE 5	DECORACIÓN ESCAPARATE, VIDREIRA, PORTA, FIESTRA.	100,00 euros para consumir en empresa local

PREMIOS VOTACIÓN POPULAR EN REDES SOCIAIS.		
Solo decoracións presentadas na opción TECIDO EMPRESARIAL en calquera das súas modalidades.	FACEBOOK	50,00 euros para consumir en empresa local.
	INSTAGRAM	50,00 euros para consumir en empresa local .

Se procede aplicaranse as retencións que indica a lei.



VALDOVIÑO



Quinto.-Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes **comezará o día 9 e rematará o día 17 de decembro.**

A solicitude terá que ser presentada por unha persoa maior de 18 anos.

Para participar, requerirase cumprimentar a ficha de solicitude (ANEXO I) que estará a disposición dos interesados na páxina web www.concellodevaldovino.com e tamén será facilitada na Casa de Cultura.

En Valdovino, 02 de decembro de 2024

O Alcalde

Asinado: Alberto González Fernández